Sintaxe da lingua galega (1): unidades e funcións sintácticas da frase. As funcións da cláusula

Índice de contidos:

1. Introdución

2. Unidades e funcións sintácticas. Definición e tipos

2.1. A frase. Tipos (substantiva, adxectiva, adverbial, preposicional, nominal; simples e compostas)

2.2. A cláusula (1ª parte)

2.2.1. Funcións clausais:

Suxeito (SUX)

Atributo (ATRIB)

Complemento directo (CD)

Complemento indirecto (CI)

Complemento circunstancial (CC)

Complemento predicativo (CPVO)

Suplemento (SUP)

1. Introdución

As linguas, como xa sabes, están constituídas por signos lingüísticos. Estes, ao se combinaren, constitúen secuencias maiores coñecidas como unidades lingüísticas. A dupla dimensión do signo lingüístico (a *dobre articulación da linguaxe*) permite distinguir un conxunto de unidades que só posúen significante (por exemplo, os sons, ou tamén as letras que os representan), algo que se define como *segunda articulación*. Pertencen a esta dimensión das linguas aquelas unidades que tan só serven como significantes e carecen de significado. As unidades desta segunda articulación da linguaxe son o fonema, a sílaba e o grupo fónico, que foron estudadas no curso pasado e obxecto de repaso en unidades anteriores.

Por outro lado, existen un conxunto de unidades dotadas de significado e significante (son propiamente signos lingüísticos), que se sitúan no que se coñece como a *primeira articulación*: morfema, palabra, frase, cláusula e oración, plano que atenderemos na presente unidade.

-- As **palabras** son o signo mínimo libre; podemos considerala a unidade lingüística fundamental: casa, coche, can, meu, etc. As palabras están formadas pola combinación de **morfemas**, que son as unidades menores que posúen significado e significante. Por exemplo: *nen-o*, *nen-a*, *des-compoñ-er*, etc.

-- A secuencia de palabras que presenta un valor unitario (de conxunto) é a **frase**: *casa grande*, *o meu coche*, *encol da mesa*, *día de verano*, etc.

-- A secuencia de palabras que presenta un valor unitario (de conxunto) pero que, ademais, posúe un verbo (PRED), é a **cláusula**: *os pais viven en Monforte*, *Xoán mercou un coche*, *deixaron os libros encol da mesa*, etc.

-- Finalmente, a secuencia con valor unitario que no seu interior presenta unhas funcións que poden ser desenvolvidas por cláusulas é a **oración**: *nesa fonda durmimos, comemos e mais bebemos moi ben*; *o peor foi que iso mesmo mo dixo a súa sogra*; *os actos en que non interveñen os xuíces anúlanse*; *ao que chegue Pepe, saímos.*

Estudar a gramática dunha lingua significa analizar e clasificar os elementos desa lingua de acordo cos criterios antes sinalados, e describir e organizar o seu mecanismo de funcionamento xeral.

A parte da gramática que se encarga do estudo dos sons dunha lingua é a **fonética** e a **fonoloxía**, como sabes; aquela que estuda a forma das palabras é a **morfoloxía** (como se constrúen, de onde proceden, etc.), disciplina que nos permite coñecer que a palabra *doutora* é, por exemplo, un nome (ou substantivo) común, feminino e singular.

A **sintaxe**, que estuda a relación das palabras dentro da oración e as funcións que desempeñan, dinos, por exemplo, que a oración *A vendima foi no outono* ten diversos constituíntes como o suxeito (a vendima), o predicado (foi) e outros complementos (no outono). Outras partes da gramática encárganse do estudo do significado das palabras

(**semántica**), e mesmo as circunstancias da comunicación, dos usos reais que poden ter as palabras nun contexto determinado, as intencións con que se producen (**pragmática**).

Ao longo desta unidade e da seguinte, pois, iniciamos o estudo da sintaxe da lingua galega. Estudaremos e clasificaremos os diferentes tipos de unidades sintácticas, e analizaremos as relacións que establecen entre si as palabras para construíren unidades superiores (frases, oracións, enunciados…), así como as funcións que desenvolven.

Debes saber que…:

A morfoloxía e a sintaxe son dúas disciplinas de estudo gramatical moi relacionadas. Comparten un mesmo obxecto de estudo, a palabra, pero abórdano desde dúas consideracións distintas: así, a morfoloxía estuda a palabra en si mesma (a forma, as clases de palabras, o paradigma, etc.), mentres que a sintaxe estuda a palabra tendo en conta o sintagma (a relación que establecen as palabras entre si). Dada esta proximidade, é frecuente abordar o estudo da palabra combinando as dúas perspectivas, algo que se coñece como morfosintaxe.

2. Unidades e funcións sintácticas. Definición e tipos

Na análise sintáctica a ***unidade*** esencial e mínima é a palabra. Sobre ela fórmanse as restantes unidades de estudo sintáctico (frase, cláusula e oración), que veremos a continuación.

As unidades sintácticas manteñen entre si relacións cos elementos inmediatamente superiores en que se integran; esta relación recibe o nome de ***función***. Así, por exemplo, as palabras relaciónanse para constituíren as frases a través das funcións de *determinante, termo, núcleo, modificador, relator* e *termo*; as frases manteñen funcións que permiten construír cláusulas, e estas oracións (suxeito, complemento directo e indirecto, complemento circunstancial, etc.).

Cómpre sinalar que non todas as clases de palabras van ser capaces de desempeñar as mesmas funcións dentro dunha estrutura. Así, por exemplo, os núcleos das frases adxectivas van estar sempre constituídos por adxectivos, sen que caiban outro tipo de clases de palabras. Incluso unha clase de palabras como o verbo é capaz de desempeñar a función de núcleo sintáctico (predicado) e pode, sen a axuda doutras palabras, constituír unha propia cláusula por si mesma; un determinante, por poñer un caso distinto, nunca podería funcionar como núcleo rexente porque depende doutras palabras e non é imprescindible no discurso.

Neste apartado veremos a unidade frase tendo en conta os tipos e funcións que se desenvolven nela. Veremos tamén as funcións que se desenvolven na unidade cláusula. Deixaremos para a unidade seguinte o estudo dos tipos de cláusulas, así como o estudo da unidade oración (tipos e funcións).

2.1. A frase

A frase é a unidade sintáctica da primeira articulación inmediatamente superior á palabra, que pode estar constituída por unha única palabra (*rapaces*) ou por varias (*os rapaces pequenos*), organizadas estas ao redor dun núcleo rexente non verbal.

As frases están compostas sempre por un núcleo (NUC), non verbal, que pode aparecer acompañado por outros elementos, incluídos no modificador (MOD). Segundo o núcleo sexa un substantivo, un adxectivo ou un adverbio, podemos falar de frases substantivas, adxectivas e adverbiais.

Frase substantiva: formada por NUC (substantivo) e MOD (que pode ser un adxectivo, unha frase adxectiva ou unha frase preposicional).

Exemplo: *vehículo eléctrico*



Frase adxectiva: formada por NUC (adxectivo) e MOD (que pode ser un adverbio ou unha frase adverbial).

Exemplo: *grande abondo*



Frase adverbial: formada por NUC (adverbio) e MOD (que pode ser outro adverbio)

Exemplo: *moi raramente*



Ademais, existen outros dous tipos de frases que se recoñecen polo elemento que inicia a propia frase: se a inicia un determinante, falamos de frases nominais; se a inicia unha preposición, falamos de frases preposicionais. Nestes casos, os compoñentes de cada frase teñen cadansúa denominación. Observa:

Frase preposicional: está formada por unha preposición ou locución preposicional, que constitúe o elemento director (DIR) ou relator, e o núcleo, constituído por un termo (TERM), que pode ser un substantivo, unha frase substantiva ou unha frase nominal.

Exemplo: *de matemáticas*



Repara en que…:

Nas frases substantivas, antes vistas, o modificador (MOD) pode estar composto por un adxectivo ou tamén por unha frase preposicional. Fíxate no exemplo:

A nena **de pelo louro** (frase preposicional) <> A nena **loura** (adxectivo)

Frase nominal: está formada por un determinante (DET) e o núcleo constitúeo o nominal (NOM), que pode ser un pronome, un substantivo ou unha frase substantiva.

Exemplo: *os exercicios*



Debes saber que…:

Determinantes e pronomes

As palabras, dependendo da relación que manteñan co substantivo, poden desenvolver dúas funcións diferentes: como *determinantes* ou como *pronomes*.

A función que realizan os determinantes coñécese como **determinación**, fenómeno polo cal a través dunha serie de elementos existentes nas linguas se identifica un referente concreto do substantivo dentro do conxunto de todos aqueles obxectos a que un substantivo pode facer referencia (referentes). Exemplo: home → este home.

Os elementos que permiten determinar un substantivo son o adxectivo, o artigo, o demostrativo, o posesivo e os cuantificadores. Segundo o elemento utilizado, podemos recoñecer diferentes tipos de *determinación*:

Actualización: o artigo utilízase para concretar ou sinalar un obxecto coñecido de entre os da súa clase: *nena* → ***unha*** *nena*, *sabedoría* → ***a*** *sabedoría*.

Deíxe: é a propiedade que posúen algúns elementos (neste caso, demostrativos e posesivos) para sinalar espacial e temporalmente no discurso desde a posición dos interlocutores: ***esta*** *nena*, ***a miña*** *casa*, ***aquela*** *vez*.

Cuantificación: especifica a cantidade de elementos aos que nos estamos a referir mediante o uso de numerais e indefinidos: ***catro*** *casas*, ***moita*** *sabedoría*.

Cualificación: os adxectivos ou elementos con valor adxectivo especifican algunha propiedade do elemento referido: *a casa* ***grande*** (adx.), *a casa* ***que aluguei*** (relat.).

Terán *función determinativa*, pois, aquelas palabras que acompañan o substantivo para modificar a extensión da palabra, para cuantificala, para actualizala, para cualificala, etc.

A función que realiza nos **pronomes** coñécese como ***pronominalización***, de acordo coa cal as palabras moitas veces poden facer as veces do propio substantivo, poden substituílo. Neste caso, dise que posúen *función substantiva* ou *pronominal*, que actúan como *pronomes* porque substitúen os substantivos no discurso. Repara nos seguintes exemplos:

Función determinativa	*Esta casa foi construída en 1960* O demostrativo posúe unha función de determinante porque acompaña o substantivo; neste caso, determínao sinalándoo no discurso (función deíctica).
Función pronominal	*Mercaron unha casa. Esta foi construída en 1960* Como ves, agora o demostrativo posúe unha función de pronome porque substitúe o substantivo *casa* no discurso. *Esta* permite sobreentender que nos referimos a 'A casa'.

	Determinante	Pronome
Artigos	***A** casa está á venda*	*As casas, **as** de cor branca, son **as** máis grandes.*
Demostrativos	***Esta** casa é grande*	*Eu quero **esta***
Posesivos	*A **miña** casa é grande*	*Esta é a **miña***
Numerais	*O **primeiro** cadro que ves é un Picasso*	*O **primeiro** é un Picasso*
Indefinidos	***Algunha** persoa chamará*	***Alguén** chamou onte pola tarde*
Identificadores	***Ambos** os dous rapaces aprobaron*	*Chamaron os rapaces. **Ambos** aprobaron*
Persoais		***Nós** marcharemos cedo*
Relativos	Só a forma *cuxo/a/os/as*	*A casa **que** merquei* (valor especial: cuxo/a/os/as)
Interrogativos	***Que** agasallo queres?*	***Quen** chama?*
Exclamativos	***Que** cousa máis rara!*	***Que** me dis!*

Aínda que tradicionalmente se considera que o artigo actúa unicamente como determinante, no exemplo que ofrecemos podemos comprobar que, ocasionalmente, tamén pode substituír o substantivo e, polo tanto, actuar como pronome.

Os pronomes persoais sempre terán función pronominal, pois substitúen as persoas gramaticais no discurso; tamén os relativos, agás a forma *cuxo/a/os/as* que actúa, á vez, de pronome e de adxectivo.

As estruturas básicas que acabamos de presentar denomínanse **frases simples**. Pódense combinar no discurso e dan lugar a elementos de maior complexidade, denominados **frases compostas**.

Son frases compostas aquelas que conteñen no seu interior outra unidade do seu mesmo tipo, é dicir, outras frases. Combinemos a frase nominal antes mencionada *os exercicios* coa frase preposicional tamén comentada *de matemáticas*. Teremos como resultado a estrutura de frase composta: *os exercicios de matemáticas*. Vexamos a súa análise:



Explicación da análise:

Neste caso, en primeira instancia estamos ante unha frase nominal porque o conxunto da frase comeza polo determinante *os*. Unha vez detectada a estrutura do corpo da frase nominal (con DET e NOM), podemos recoñecer como NOM: *exercicios de matemáticas*, polo que esta vez estamos ante unha frase substantiva cuxo núcleo *exercicios* aparece modificado por *de matemáticas*, frase preposicional composta polo DIR *de* e o TERM *matemáticas*.

Repara en que…:

Os elementos denominados núcleo (NUC), modificador (MOD), determinante (DET), nominal (NOM), director (DIR) e termo (TERM) son **funcións** sintácticas. Fíxate que as funcións sintácticas se sinalan en maiúsculas na análise sintáctica.

Ao lado das funcións sintácticas, existen as **unidades** sintácticas. Son unidades sintácticas a frase, a cláusula e a oración. Repara en que se escriben en minúscula na análise sintáctica.

Tamén se escriben en minúscula as clases de palabras, e adoitan sinalarse abreviadamente (subst., vbo., adx., adv., etc.).

As funcións sintácticas de núcleo (NUC) e modificador (MOD) nas frases substantivas, adxectivas e adverbiais poden alterar a súa orde, de modo que podemos atopar casos en que apareza en primeiro lugar o modificador, antes ca o núcleo. Por exemplo, obsérvese o caso da frase adverbial antes sinalada (*moi raramente*).

Na análise sintáctica que imos seguir adóitanse sinalar en primeiro lugar a unidade que analizamos (frase, cláusula, oración); a continuación, indícanse as funcións sintácticas que operan nesa estrutura, seguidas das clases de palabras que interveñen.

CI

NUC

vbo.

2.2. A cláusula (1ª parte)

A cláusula é a unidade sintáctica da primeira artoculación, inmediatamente superior á frase, que esixe a presenza de un núcleo verbal, que actúa como predicado (PRED), ou de varios cando entre eles se produce unha relación de subordinación. A cláusula pode estar constituída por unha ou por varias unidades sintácticas, sexan estas frases ou cláusulas, como veremos.

Repara en que…:

A diferenza da unidade sintáctica *frase*, nas unidades coñecidas como *cláusulas* é imprescindible a existencia dun verbo que desenvolva a *función* de núcleo (PRED). Ao redor deste núcleo xiran un conxunto de complementos, que estudaremos a continuación.

2.2.1. Funcións clausais

Ademais do predicado (PRED), nas cláusulas recoñécense outras funcións que operan ao redor deste e manteñen unha relación de dependencia con el, que completan o seu significado, por iso se consideran complementos verbais. Son os seguintes:

A) Suxeito (SUX): é a parte da cláusula que sinala o elemento (persoa, animal, cousa, etc.) que realiza a acción sinalada polo predicado. Recoñécese porque concorda en xénero e número co verbo. A función de suxeito aparece desempeñada sempre por unha frase nominal cuxo núcleo é un substantivo ou un pronome.

Exemplo: ***O neno*** *peta na caixa de cartón*.

Obsérvese neste exemplo que se variamos o número do SUX tamén se altera o número do verbo: O**s** neno**s** peta**n** na caixa de cartón.

→ Tipos de suxeito:

- As cláusulas poden presentar o SUX explicitamente, como é o caso do exemplo anterior, ou facelo implícito ben porque xa apareceu con anterioridade e quere evitarse a repetición, ou ben porque está claro abondo por concordancia co verbo:

  Exemplos:

  - Trouxo un recado para ti. (Alguén coñecido ou unha persoa da que xa se falou antes)

  - Levaremos roupas de abrigo. (Está claro abondo por concordancia co verbo)

  Na análise sintáctica adóitase sinalar esta circunstancia como *suxeito elidido*, *implícito* ou *suxeito omitido* (SO). Exemplo: [o neno (SO)] *peta na caixa de cartón*.

- Nalgúns casos, as cláusulas presentan un verbo de natureza impersoal e, por este motivo, carecen de suxeito. Este tipo de cláusulas considéranse *impersoais*.

- Normalmente, danse con verbos unipersoais, que son aqueles que sinalan accións meteorolóxicas (chove, venta, neva, etc.). Exemplo: *Choveu moi forte onte pola noite*;

- Tamén é impersoal a cláusula que utiliza as formas gramaticalizadas do verbo *haber, ir* e *facer* en terceira persoa do singular. Exemplo: *Hai anos que non sei de ti*.

- Noutros casos, na enunciación dunha cláusula preténdese conscientemente indeterminar un suxeito aínda que realmente este suxeito poida existir. A indeterminación márcase co pronome *se* a través de construcións impersoais reflexivas que se constrúen sempre en terceira persoa e levan o pronome persoal *se*: *alúgase casa para temporada de verán*; *xa se recolleu toda a uva*.

Análise do suxeito

Fíxate nas seguintes oracións como podemos expresar o **suxeito:**

Elisa trouxo un recado para ti.
A nena trouxo un recado para ti.
A nena loura trouxo un recado para ti.
A nena de pelo louro trouxo un recado para ti.
Ela trouxo un recado para ti.

O suxeito soe ser unha **frase nominal** (observa tamén que o **nome** pode ser substituído por un **pronome**).

Este núcleo pode ir acompañado doutras palabras, os **Determinantes (DET.)** e/ou os **Modificadores (MOD.).**

Os pronomes persoais

Xa vimos que os nomes poden ser substituídos no texto polos pronomes para evitar a súa repetición. **Pronomes** son, pois, as palabras que substitúen os seres ou obxectos que soemos representar con substantivos.
Os pronomes realizan dentro da oración as mesmas funcións que lles corresponden aos substantivos.

Exemplos:
- **Pilar** virá máis tarde. **Ela** ten traballo ata as sete.
- **Os meus amigos** recibiron unha boa sorpresa. **Eles** non sabían nada do asunto.

B) Atributo (ATRIB): é o complemento que normalmente aparece nas cláusulas consideradas copulativas, é dicir, aquelas que presentan os verbos *ser*, *estar*, *parecer* e *semellar*. Exemplo: *A auga está **fría***.

Esta función está desempeñada por unha frase adxectiva, nominal, adverbial ou preposicional que aparece sempre que o verbo principal funciona como copulativo.

Exemplos: *o rapaz é moi espelido* (f. adxectiva), *o can é de palleiro* (f. preposicional), *o voso fillo é un elemento de coidado* (f. nominal). Os elementos que conforman o atributo concordan xeralmente en xénero e número co suxeito.

Exemplos:

- María está **enferma**. (frase adxectiva)
- Estes libros son **de moito interese**. (frase preposicional)
- O viaxeiro parecía **cansado**. (frase preposicional)
- A paisaxe pintada no cadro semella **outoniza**. (frase adxectiva)
- Luísa é **de Cambados**. (frase preposicional)
- A casa estaba **sen tellado**. (frase preposicional)
- Este coche é **alemán**. (frase adxectiva)
- O leite estaba **quente**. (frase adxectiva)
- A novela parece **interesante**. (frase adxectiva)

C) Complemento directo (CD): é o elemento da cláusula sobre o cal recae directamente a acción verbal. Soporta a acción do verbo pero, a diferenza do suxeito, o complemento directo non a protagoniza. O CD non mantén concordancia co SUX nin co verbo. Por exemplo:

*Xosé comeu **a mazá**.*

*O xuíz anulou **a orde de detención**.*

*A actriz non recolleu **o premio**.*

*Esa empresa ten **unha importante rede de oficinas**.*

Normalmente, esta función está desempeñada por unha frase nominal ou por outras cláusulas.

A función de CD aparece cando a acción verbal é **transitiva**, é dicir, cando o propio verbo precisa dun elemento para ter sentido completo. Se o verbo non precisa de complementos para acadar significación plena, estamos ante unha acción **intransitiva**. Por exemplo, repara nas seguintes cláusulas:

O rapaz caeu (acción intransitiva)

*Os organizadores ofreceron **agasallos*** (acción transitiva). Neste caso, *agasallos* é o CD que completa o sentido verbal.

Debes saber que…:

O CD é unha función que en galego admite obrigatoriamente a preposición *a* nos seguintes casos:

- en secuencias en que os elementos non seguen a orde habitual SUX – PRED – CD. Por exemplo: *venceron os bos aos malos* / *venceron aos bos os malos*.

- coas formas tónicas dos pronomes persoais. Por exemplo: *chamouno a el por teléfono / a el chamouno por teléfono*.

- con verbos que expresan sentimentos. Por exemplo: *queríasme máis a min*.

- co verbo *chamar* seguido de predicativo (función que veremos de seguido). Por exemplo: *chameille parvo ao meu irmán*.

- cos nomes propios de persoa. Por exemplo: *vin a Pedro*.

Para recoñecer o CD, podemos substituílo polos pronomes átonos de CD

Os organizadores ofreceron **agasallos** > os organizadores ofrecéro**nos**

Os organizadores ofreceron **entradas** > os organizadores ofrecéro**nas**

Repara en que…:

A función de **Complemento Directo** pode estar representada polos **pronomes persoais da serie átona**, que poden ir antepostos ou pospostos ao verbo.

Os pronomes átonos de CD son os seguintes:

1ª persoa singular: **me**
2ª persoa singular: **te**
3ª persoa singular: **o, lo, no / a, la, na; se**
1ª persoa plural: **nos**
2ª persoa plural: **vos**
3ª persoa plural: **os, los, nos / as, las, nas; se**

Exemplos:
- Carme saúda o seu amigo. / Carme saúda**o**.
- Recolle a túa carteira. / Recólle**a**.
- Espera os nenos na porta. / Espéra**os** na porta.
- Miguel lavou as mans. / Miguel lavou**nas**.
- Peitéa**se** todos os días antes de durmir.
- Cháma**me** cando chegues.
- Quéro**te** moito.
- O noso amigo visitou**nos** onte.
- Véxo**vos** moi cansos.

***** Nas terceiras persoas as tres variantes distribúense de xeito complementario:

→ Empregamos **lo/los**, **la/las** cando a forma verbal remata en **-r** ou **-s**.

Exemplos:
- Quero comprar un bonito agasallo. / Quero compra**lo**.
- Ti sabes a historia tan ben coma min. / Ti sábe**la** tan ben coma min.

→ Empregamos **no/nos**, **na/nas** cando a forma verbal remata en **ditongo decrecente**.

Exemplos:
- Leu o libro que lle prestei. / Leu**no**.
- Convidou a Soliña a saíren. / Convidou**na** a saíren.

→ No **resto dos casos** empregamos **o/os, a/as**.

Exemplos:
- Tocaron aquela melodía tan bonita no club. / Tocáron**a** no club.
- Estuda os temas tan axiña como poidas. / Estúdao**s** tan axiña como poidas.

D) Complemento indirecto (CI): indica o beneficiario ou destinatario da acción verbal, é dicir, sinala a parte da cláusula sobre a que recae indirectamente a acción expresada polo verbo. Desempeña esta función unha frase preposicional, precedida esta sempre da preposición *a* ou *para*, ou un pronome átono con función de CI. Para recoñecer o CI, podemos substituílo polo pronome átono de CI *lles*

Os organizadores ofreceron agasallos **aos asistentes**

Os organizadores ofrecéron**lles** agasallos

A directora enviou unha carta **aos alumnos**

A directora envio**ulles** unha carta

Otilia mercou uns bombóns **para Francisco**

Otilia mercou**lle** uns bombóns

Lembra que…:

Os pronomes átonos que desenvolven a función de CI poden ir antepostos ou pospostos ao verbo, e son os seguintes:

1ª persoa: **me**
2ª persoa: **che**
3ª persoa : **lle**
1ª persoa plural: **nos**
2ª persoa plural: **vos**
3ª persoa plural : **lles**

Exemplos:
- Vou**che** explicar cómo funciona.
- O seu amigo deu**lle** unhas entradas para o teatro.
- Fála**nos** dos teus proxectos.
- Fíxen**vos** unha pregunta.

- Mercou**lles** unha bicicleta.
- Que **vos** contou Branca?

Lembra que:

O pronome persoal de segunda persoa que funciona como **complemento directo** é **te.**
O pronome persoal de segunda persoa que funciona como **complemento indirecto** é **che.**

As formas átonas do pronome persoal de complemento directo e de complemento indirecto cando van xuntas **contraen** da seguinte forma:

	o / lo / no	**a / la / na**	**os / los /nos**	**as / las / nas**
Me	mo	ma	mos	mas
Che Lle	cho llo	cha lla	chos llos	chas llas
Nos Vos	nolo volo	nola vola	nolos volos	nolas volas
Lles	llelo	llela	llelos	llelas

Colocación do pronome persoal

O pronome persoal ten dúas posicións, pode ir anteposto ó verbo ou a continuación do verbo (e unido a el). As normas xerais de colocación dos pronomes son as seguintes:

a) Nas oracións simples e como norma xeral, o pronome **colócase sempre a continuación do verbo**.

Exemplos:
- Fála**me** dos teus intereses.
- María envía**vos** un saúdo.
- Recolle as carpetas e méte**as** no caixón.

b) Vai **diante do verbo** nos seguintes casos:
- Despois dunha **negación**.
  Exemplos:
  - Non **lles** digas nada do asunto.
  - En nin **a** coñezo.
  - Xamais **o** crería.
  - Tampouco **me** viu.
- Despois dos indefinidos **algo, alguén, ninguén, ambos, calquera, todos**
  Exemplos:
  - Todos **mo** dixeron.
  - Algo **lle** dirías.
  - Ninguén **a** trouxo.

• Despois dos seguintes adverbios **de dúbid**a (seica, quizais, tal vez), d**e cantidade** (moito, bastante, demasiado), d**e tempo** (aínda, sempre, xa).

Exemplos:
- Tal vez **o** faga.
- Quizais **cho** conten.
- Aínda **me** doe.

• Cando a oración está introducida por un **pronome exclamativo ou interrogativo**.

Exemplos:
- Que **me** dis!
- Canto **lles** gustou!
- Como **o** soubeches?
- Canto **che** pagaron?

• Nas **oracións subordinadas** o pronome ten que ir case sempre diante do verbo.

Exemplos:
- Dixo que **nos** axudaría no traballo.
- Seino porque **mo** contou César.
- Ti fala cando **che** pregunten.
- Ven cedo se **o** queres atopar aquí.

E) Complemento circunstancial (CC): é a parte da cláusula que restrinxe, completa ou modifica o significado do verbo, expresando idea de tempo, espazo, modo, cantidade, finalidade, compañía, etc. Pode estar desempeñado por unha frase preposicional, adverbial ou nominal.

Os rapaces chegaron **en tren** (CC de modo)

Viven **máis alá** (CC de lugar, frase adverbial)

Marcharemos de viaxe **esta fin de semana** (CC de tempo, frase nominal)

Uxía chegou **tarde** (CC de tempo, frase adverbial)

Os luns vou **á clase de inglés** (CC de lugar, frase nominal)

Espérote **na porta do cine** (CC de lugar, frase preposicional)

O Complemento Circunstancial pode ir situado en calquera posición dentro da oración. Para preguntar polo complemento de tempo usaremos a pregunta ¿cando?; para preguntar polo complemento de lugar usaremos a pregunta ¿onde?; para preguntar polo complemento de modo usaremos a pregunta ¿como?; para preguntar polo complemento de cantidade usaremos a pregunta ¿canto?; para preguntar polo complemento de finalidade usaremos a pregunta ¿para que?

Exemplos:

- Sairemos de viaxe o próximo xoves. (Cando?)

- No meu barrio están construíndo unha biblioteca. (Onde?)

- O ancián camiñaba paseniño. (Como?)
- Adela come pouco. (Canto?)
- Foi ó centro de saúde para unha revisión. (Para que?)

A diferenza do SUPL (suplemento, que veremos a continuación) e do CD, que cumpren funcións centrais na cláusula, os CC desenvolven funcións completamente prescindibles.

Repara en que…:

Tradicionalmente, coñecíase unha función como *complemento axente* dentro das estruturas pasivas, que hoxe se coñece como un CC de instrumento ou CC axente:

*O recurso foi presentado **polos imputados***

Este complemento aparece nas **oracións en voz pasiva** e indica quen realiza a acción do verbo.

Exemplos:

- A estación foi inaugurada polas autoridades.
- Os mariñeiros foron rescatados por un gardacostas.

A función de **Axente** está representada por unha **frase preposicional (f.p.)** e a reposición é sempre **por.** Ó transformar a oración en voz pasiva en oración en voz activa, o **complemento axente pasa a ser suxeito e o suxeito pasa a ser complemento directo.**

Fíxate nos exemplos:

- O libro foi comentado polo autor. (Pasiva)
- O autor comentou o libro. (Activa)
- Os estudantes serán recibidos pola alcaldesa. (Pasiva)
- A alcaldesa recibirá os estudantes. (Activa)

Repara en que…:

A función de Complemento Circunstancial é realizada frecuentemente por un adverbio. Os adverbios son **palabras invariables**; isto quere dicir que non teñen xénero, número nin persoa. **Serven para modificar un verbo, un adxectivo ou outro adverbio**.

Exemplos:

- Verémonos **mañá**. (A un verbo)
- Levaba un abrigo **bastante** vello.(A un adxectivo)

- Pilar conduce **moi** ben.(A un adverbio)

Existe unha forma moi recorrente na lingua de formar adverbios mediante a adicción do **sufixo -mente** aos adxectivos na súa forma feminina. Fíxate que estes adverbios son palabras graves rematadas en vocal e polo tanto no levan til.

Exemplos:

- xenerosa —-> xenerosamente
- calorosa —-> calorosamente
- digna —-> dignamente...

Clases de adverbios

De lugar: aquí, aí, alí, acó, aló, acá, alá, acolá, dentro, fóra, preto, lonxe, enriba, embaixo, diante, detrás, arredor, algures, ningures...
De tempo: antes, agora, despois, antonte, onte, hoxe, mañá, pasadomañá, antano, hogano, entón, daquela, despois, sempre, nunca, tarde, cedo, aínda, xa, axiña, xamais, asemade...
De modo: así, ben, mal, peor, mellor, paseniño, adrede, engorde...
De cantidade: abondo, algo, case, só, soamente, xusto, moito, pouco, bastante, máis, menos, tan, tanto...
De afirmación: si, abofé, tamén...
De negación: non, nin, tampouco...
De dúbida: disque, seica, quizais, acaso...

Locucións adverbiais

As locucións adverbiais son conxuntos de dúas ou máis palabras con significado unitario e que desempeñan as mesmas funcións que os adverbios.

Clases de locucións adverbiais:
De tempo: a cotío, de momento, de seguida, de contado, ó pouco, ó raro, por veces, de contado, de cando en vez, ó outro día, a miúdo, de cotío, a deshora...
De lugar: a carón, a rente(s), ó pé, ó redor, ó lado...
De modo: ó chou, á mantenta, amodo, á présa, ás présas, de súpeto, de balde, ó dereito, ó xeito, a escape, de socato, a propósito...
De cantidade: de menos, de máis, apenas, de sobra, de todo, a medias...
De afirmación: de certo, así mesmo.
De negación: non xa.
De dúbida: se cadra, talvez, se callar...

F) Complemento predicativo (CPVO): complemento próximo ao ATRIB e ao CC por indicar modo, pero caracterízase por concordar co SUX ou co CD en xénero e

número, e simultaneamente tamén co PRED. Está desempeñado por unha frase adxectiva. Distínguense dous complementos:

- os que concordan co SUX e o PRED: *os futbolistas xogaron* ***cansos***

- os que concordan co CD e o PRED (verbo). Por exemplo: *deixou todos os froitos* ***desfeitos***.

A función de complemento predicativo adoita asociarse coa do atributo (ATRIB) e tamén coa do complemento circunstancial de modo (CCM), pero non se refiren á mesma función sintáctica. Vexámolo con exemplos:

- Se dicimos "a rapaza está contenta", atopamos un ATRIB en "contenta".

- Se, pola contra, temos que "a rapaza pasea alegremente", estamos ante un CCM.

- En cambio, se dicimos "a rapaza pasea alegre", atopamos un CPVO que, á vez, combina as dúas funcións anteriores:

  - Por un lado, en "a rapaza pasea alegre" dicimos que ela "está", "parece", "semella" ou "é" alegre (función próxima ao ATRIB)

  - Por outro lado, tamén dicimos "como" desenvolve a acción (función próxima ao CCM)

É importante reparar, pois, que a función de CPVO modifica tanto ao verbo como ao suxeito (ou o complemento directo). E para comprobar se estamos ante un PVO, debemos reparar se tamén concorda en xénero e número co nome ao que complementa.

- *Os nenos pasean alegres*: CPVO

- *Os nenos len rápido*: CCM

- *A rapaza le rápido*: CCM

- *As rapazas cruzaban rápidas a ponte*: CPVO

G) Suplemento (SUPL): función sintáctica esixida polo verbo, constituída por unha frase preposicional. Cumpre unha función imprescindible para a significación do verbo. É unha función similar semanticamente á do CD pero que, formalmente, presenta unha preposición esixida sempre polo verbo. Por exemplo:

Na televisión falaron ***de deportes*** (falar de…)

Lémbrate ***das chaves*** (lembrarse de…)

Agarda ***polas novas do traballo*** (agardar por…)